

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XUÑO DE 2019**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.	17
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual xuño 2019	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en xuño de 2019	21
6.4.	Evolución da precipitación en xuño de 2019.	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	29
9	RAIOS	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 06/08/2019



Mes moi frío, con chuvias algo por riba do normal.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xuño tivo un predominio de baixas presións asociadas á presenza de borrascas no Atlántico, polo que resultou moi frío, con temperaturas baixas tanto no caso das mínimas como no das máximas, e lixeiramente húmido, aínda que a magnitude das anomalías en precipitación foi moito menor que a observada na temperatura. Isto quere dicir que houbo moitos días anubrados, con temperatura por debaixo do agardado, pero con poucas precipitacións. Aínda así, podemos considerar xuño como un mes húmido. Porén, o mes comezaba o primeiro día aínda nunha situación de sol e calor intenso, aínda que menos intenso que nos derradeiros días do mes anterior.

O día 2 foi de transición, con entrada de nubes e baixada de temperatura. A partir do día 3 comezamos un período de inestabilidade que se prolongou ata o día 8. Os días 3, 4 e 5 foron xornadas de tempo cambiante, con ceo parcialmente anubrado, chuvascos intermitentes e temperatura baixa para a época do ano.

O día 6 foi a xornada máis inestable do mes, xa que unha borrasca moi profunda de tipo explosivo, pasaba moi preto de Galicia. Os ventos fortes asociados a esa borrasca, nomeada “Miguel”, ocasionaron avisos de nivel laranxa.

Ao día seguinte a entrada de aire frío deixaba chuvascos, que mesmo foron de neve nas zonas de montaña de Lugo e Ourense.

Entre os días 8 e o 15 as situacións foron intermedias entre altas e baixas presións, sempre con temperaturas por debaixo do habitual para a época do ano e máis nubes canto máis ao norte, onde por momentos se rexistraban algunhas chuvias, exceptuando o día 14, cando os chuvascos se concentraban na metade oeste.

O día 16 foi unha xornada máis estable, con ceo aberto e ascenso de temperatura, pero o día 17 tivemos de novo un día de transición de cara ao novo empeoramento nas condicións que se deu na xornada do 18 pola chegada dunha nova borrasca dende os Azores.

Este período prolongouse os días 19 e 20, con chuvascos intermitentes en toda a Comunidade e de novo baixas temperaturas.



O día 21, coincidindo co comezo astronómico do verán, as condicións foron anticiclónicas, deixando unha xornada de tempo seco e soleado e ascenso de temperaturas.

Pero ao igual que sucedera nos anteriores momentos anticiclónicos do mes, esas altas presións non foron persistentes e nas xornadas do 22 e 23 unha borrasca achegábase de novo a Galicia, deixando aumento das nubes e algunhas chuvias, principalmente nas primeiras horas do 23.

A derradeira semana quedou marcada na península Ibérica pola entrada dunha masa de aire africano que deixaba temperaturas moi elevadas. Sen embargo, apenas afectou a Galicia, xa que a presenza dunha zona de aire frío no Atlántico introducía aire fresco e húmido. Deste xeito, nas xornadas do 24, 25 e 26 tivemos ceos parcialmente anubrados e mesmo algúns momentos de chuva.

As xornadas do 27, 28 e 29 foron máis estables, con ascenso das temperaturas e ceos máis abertos principalmente os días 27 e 28.

Sen embargo, o mes rematou de novo cunha situación intermedia, con ceo moi anubrado e temperaturas por debaixo do normal.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Tanto no mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1), como en altura (Figura 2), pode observarse que este mes de xuño, a nosa Comunidade estivo baixo a predominancia das baixas presións situadas ao noroeste da mesma. Mentres que en centro Europa houbo unha forte anomalía positiva, sobre todo en altura. As anomalías en superficie e xeopotencial, resultaron normais para o resto de España. Isto pon de manifesto o modo meridional da corrente en chorro.

Deste xeito non se pode apreciar o episodio de elevadas temperaturas por ascenso cara a latitudes medias de aire africano que afectou practicamente a todas as localidades con excepción de Galicia e o norte de Portugal, que resultaron fríos neste mes.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xuño-2019.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xuño-2019.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou xuño a 1 mm.



A CORUÑA

	XUÑO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.7/16.6	17.4	19.1 (2005)	14.2 (1972)
Tª mínima media	13.9/13.7	14.3	15.7 (2004)	11.5 (1946)
Tª mínima absoluta	10.4/10.3 (día 6)	4.2 (07/06/1936)		
Tª mínima máis alta	17.0/16.8 (día 23/26)	20.2 (16/06/2000)		
Tª máxima media	19.6/19.4	20.5	22.7 (2005)	16.6 (1972)
Tª máxima absoluta	24.0/26.5 (día 22/1)	34.8 (03/06/1980)		
Tª máxima máis baixa	16.6/15.8 (día 8)	13.0 (10/06/1966)		
Precipitación acumulada	53	25-45	142 (1935)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	8	7	18 (1935)	1 (1962)

Comentario: Mes frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi bastante maior que o rango de valores normais, resultando un mes húmido. Tamén o número de días de chuvia foi lixeiramente superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

SANTIAGO

	XUÑO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.5	17.5	20.1 (2005)	15.5 (1992)
Tª mínima media	11.0	12.6	14.2 (2004)	11.2 (1992)
Tª mínima absoluta	5.8 (día 8)	4.8 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	14.9 (día 30)	22.9 (27/06/2012)		
Tª máxima media	20.0	22.2	26.0 (2005)	19.8 (1992)
Tª máxima absoluta	30.2 (día 1)	36.9 (25/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	13.5 (día 9)	11.3 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	93	37-57	143 (2009)	7 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	9	7	20 (1997)	1 (1996)

Comentario: Mes extremadamente frío para as temperaturas mínimas e medias, acadándose en ambos casos os valores mínimos da serie histórica. En canto ás temperaturas máximas o mes pode cualificarse como moi frío.

A precipitación rexistrada é moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, máis elevado que o valor climático esperado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019



LUGO

	XUÑO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.0	16.8	19.5 (2004)	14.9 (1992)
Tª mínima media	10.2	11.0	12.9 (2017)	8.8 (1991)
Tª mínima absoluta	3.8 (día 14)	2.8 (11/06/2001)		
Tª mínima máis alta	15.2 (día 30)	18.2 (19/06/2017)		
Tª máxima media	21.8	22.6	26.3 (2004)	19.3 (1992)
Tª máxima absoluta	31.9 (día 1)	37.3 (18/06/2017)		
Tª máxima máis baixa	15.0 (día 5)	11.0 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	47	22-40	169 (2010)	3 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	7	6	16 (1982)	1 (2011)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas mínimas, mentres que para as máximas e as medias o mes considérase frío.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, resultando por tanto un mes húmido, no que o número de días de chuvia tamén é lixeiramente superior ao valor climático agardado..

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2019. Temperatura: 1981-2019*

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XUÑO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.1	18.6	21.1 (2004)	15.4 (1972)
Tª mínima media	11.4	13.0	15.3 (2004)	10.2 (1972)
Tª mínima absoluta	6.6 (día 8)	4.6 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	15.6 (día 30)	19.5 (14/06/2003)		
Tª máxima media	20.8	24.1	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	28.9 (día 1)	39.4 (19/06/2003)		
Tª máxima máis baixa	15.5 (día 6)	14.0 (04/06/1963)		
Precipitación acumulada	72	39-61	229 (1974)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	6	7	15 (2012)	0 (1962)

Comentario: Mes extremadamente frío para as temperaturas máximas e mínimas, acadándose o valor mínimo no período de referencia 1981-2010. Para as temperaturas medias o mes resultou moi frío.

A chuvia rexistrada é maior que o rango de valores normais, considerándose o mes húmido, aínda, que o número de días de chuvia está lixeiramente por debaixo do valor climático agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2019. Temperatura: 1958-2019*



OURENSE

	XUÑO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.0	20.2	23.8 (2004)	16.4 (1977)
Tª mínima media	11.3	12.9	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	4.3 (día 8)	2.4 (03/06/1975)		
Tª mínima máis alta	18.2 (día 30)	22.1 (27/06/2012)		
Tª máxima media	24.7	27.5	32.0 (2004)	22.4 (1977)
Tª máxima absoluta	34.7 (día 1)	40.9 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	17.7 (día 6)	12.6 (03/06/1984)		
Precipitación acumulada	45	25-31	127 (1988)	0 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	7	5	14 (1988)	0 (2011)

Comentario: Mes moi frío en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais para esta variable. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia que tamén foi maior que o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2019. Temperatura: 1972-2019



5 TEMPERATURA

As medias de temperatura destacan polos seus baixo valores, xa que exceptuando algún día concreto a principios e mediados do mes, ningún día tivo temperaturas superiores ás normais. Dentro destas baixas temperaturas, destacan os valores de Santiago e Pontevedra, nos que o valor medio da temperatura foi o máis baixo da serie histórica no primeiro caso e no segundo, acadáronse os valores máis baixos do período de referencia 1981-2010.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xuño de 2019.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xuño para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 19.8 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente nas localidades limítrofes co río Miño e o Sil, e na comarca de Verín, con valores próximos aos 25 °C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse nas zonas máis altas da provincia de Ourense, onde as máximas apenas superaron os 11 °C.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xuño, a partir dos valores do mapa, para o territorio galego foi de 9.6 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nalgunhas localidades da comarca da Baixa Limia onde os rexistros máis baixos estiveron preto dos 3.5 °C. Os valores máis altos déronse nas rías Baixas e nos concellos de A Coruña e Arteixo, onde se superaron os 14 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xuño de 2019.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

Neste mes, pódese observar (Figura 5) que o mes de xuño deste ano resultou moi frío, canto máis a medida que nos desprazamos cara o sur da Comunidade. As anomalías de temperatura máis altas apenas acadan a normalidade nas comarcas da Mariña e Ortegá. As anomalías máis baixas déronse no interior da provincia de Pontevedra con valores próximos aos -3 °C. No conxunto da Comunidade a anomalía foi de -1.7 °C por debaixo do normal, resultando en xeral un mes frío ou moi frío canto máis ao sur.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xuño respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. Pódese observar a diferenza das altas anomalías de temperatura na comarca de Ortelgal e a Mariña Luguesa (Táboa 1) e as anomalías máis baixas sur da Comunidade, na rexión de Celanova e Limia. (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cariño	A Coruña	0.0
Cedeira	A Coruña	-0.1
Burela	Lugo	-0.2
Xove	Lugo	-0.3
Cervo	Lugo	-0.4
Ortigueira	A Coruña	-0.4
Vicedo (O)	Lugo	-0.4
Valdoviño	A Coruña	-0.4
Cerdido	A Coruña	-0.4
Ribadeo	Lugo	-0.4

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xuño de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Entrimo	Ourense	-3.2
Lobios	Ourense	-3.1
Lobeira	Ourense	-2.9
Arbo	Pontevedra	-2.8
Neves (As)	Pontevedra	-2.8
Cotobade	Pontevedra	-2.8
Muíños	Ourense	-2.8
Padrenda	Ourense	-2.7
Padrón	A Coruña	-2.7
Carnota	A Coruña	-2.6

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xuño de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de xuño de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A primeira xornada do mes foi a máis calorosa a altitudes baixas, mentres que a do 28 foi a xornada máis calorosa, principalmente por riba dos 1000 metros.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/06/2019	Míllara	PANTÓN	Lugo	35.7
01/06/2019	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	35.3
28/06/2019	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	35.0
01/06/2019	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	34.9
01/06/2019	Ourense	OURENSE	Ourense	34.7
28/06/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	34.5
01/06/2019	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	34.4
01/06/2019	Queimadelos	MONDARIZ	Pontevedra	34.1
01/06/2019	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	34.1
01/06/2019	Areas	TUI	Pontevedra	33.9

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/06/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	29.2
28/06/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	29.0
28/06/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	28.9
28/06/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	27.9
28/06/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	27.2
01/06/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	27.1
28/06/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.0
28/06/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	26.4
27/06/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	25.8

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As temperaturas mínimas foron moi baixas para a época do ano, rexistrándose valores negativos en varias xornadas do mes, nas que ademais, houbo precipitacións en forma de neve.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
12/06/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-2.1
12/06/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-1.7
12/06/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1.4
08/06/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-0.9
12/06/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-0.7
12/06/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0.6
08/06/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-0.3
12/06/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	0.5
07/06/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	1.1
07/06/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	1.4

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2019 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/06/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2.2
14/06/2019	Lanzós	VILALBA	Lugo	-0.7
08/06/2019	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-0.3
08/06/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	0.0
08/06/2019	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	0.7
14/06/2019	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	0.8
12/06/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	0.8
08/06/2019	Melide	MELIDE	A Coruña	1.2
08/06/2019	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	1.2
13/06/2019	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	1.3

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2019 altitude inferior a 1000m.



5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 15.9 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para xuño.

A anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -1.86 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi frío co precedente máis próximo no ano 1997. A esta caracterización contribuíron tanto as temperaturas máximas, que tamén resultaron moi frías (anomalía de -2.26 °C). As mínimas sen embargo acadaron a categoría de extremadamente frías, cunha anomalía de -1.46 °C, que é a anomalía máis baixa do período de referencia 1981-2010.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xuño, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

En xeral o mes foi máis chuvioso do habitual en xuño, aínda que os valores non foron tan destacados como os das temperaturas, xa que, exceptuando as precipitacións asociadas á borrasca “Miguel” o día 6, estas non foron moi cuantiosas.

Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada é de 68 L/m². Os valores máis altos acadáronse na comarca do Xallas acumulándose máis de 180 L/m². Os valores máis baixos déronse no interior da provincia de Lugo na Ribeira Sacra e na comarca de Vigo, onde os rexistros apenas superaron os 30 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual xuño 2019




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xuño de 2019.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xuño con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 21% superior ao período de referencia 1981-2010. Nas zona do suroeste da provincia da Coruña, na Serra do Xistral, en Terra Chá e no Xurés as porcentaxes de precipitación superaron os 200% por riba do normal, mentres que houbo zonas onde tan só se registrou un 50% da precipitación normal, principalmente no interior da provincia de Lugo ou na comarca de Vigo.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xuño de 2019.

6.3. Días de chuvia en xuño de 2019

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 9.2. Os valores máis altos de número de días de chuvia déronse na Mariña Central con valores próximos aos 15 días. Os días de chuvia máis baixos déronse no interior da provincia de Lugo, máis concretamente na Terra de Lemos, onde houbo menos de 5 días de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de xuño de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xuño. Pódese observar que incluso nos sitios máis chuviosos de Galicia a precipitación máxima superou en moitas localidades os 100 L/m². Entre os días 6 e 7, co paso da borrasca “*Miguel*”, rexistráronse as cantidades de precipitación máis elevadas de forma xeneralizada.

Precipitacións acumuladas máximas en xuño de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	158
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	156
Coto Muíño	ZAS	A Coruña	131
Lesende	LOUSAME	A Coruña	130
Costa	ROIS	A Coruña	129
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	124
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	120
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	110
Lira	CARNOTA	A Coruña	108
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	106

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xuño de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	82	06/06/2019 02:40
Costa	ROIS	A Coruña	72	06/06/2019 02:00
Lesende	LOUSAME	A Coruña	72	05/06/2019 15:30
Muralla	LOUSAME	A Coruña	61	06/06/2019 03:20
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	52	06/06/2019 02:00
Coto Muíño	ZAS	A Coruña	51	06/06/2019 02:20
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	50	06/06/2019 07:10
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	48	06/06/2019 10:30
Areeiro	PONTEVEDRA	Pontevedra	48	06/06/2019 02:50
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	47	06/06/2019 10:40

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xuño de 2019.

6.4. Evolución da precipitación en xuño de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 58 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para xuño.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 16% por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade, sen embargo cabe destacar que xa o ano 2018 fora moi húmido cunha porcentaxe de precipitación de 108% por riba do normal.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xuño, respecto ó período 1981-2010.











7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. A xornada do día 6, co paso da borrasca “*Miguel*” tamén se rexistraron os ventos máis fortes en Galicia. Destacan as elevadas porcentaxes de calmas en gran parte das estacións, tal e como se corresponde a época do ano.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xuño				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
06/06/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	136.6
06/06/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	132.7
06/06/2019	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	126.6
06/06/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	126.2
06/06/2019	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	124.9
06/06/2019	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	124.0
06/06/2019	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	122.7
06/06/2019	Muralla	LOUSAME	A Coruña	114.2
06/06/2019	Lira	CARNOTA	A Coruña	111.5
06/06/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	109.4
06/06/2019	Ons	BUEU	Pontevedra	107.5
06/06/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	107.0
06/06/2019	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	103.1
06/06/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	102.9
06/06/2019	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	102.4
06/06/2019	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	101.5

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xuño.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	111.5	S	14		
		Día 6				
Pta. Candieira	Cedeira	122.7	E	11		
		Día 6				
Malpica	Malpica	99.1	NO	8		
		Día 6				
Marco da Curra	Monfero	86.9	O	14		
		Día 6				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xuño de 2019 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	132.7	S	9		
		Día 6				
Campus Lugo	Lugo	56.3	N	55		
		Día 6				
Ancares	Cervantes	87.7	SO	23		
		Día 18				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xuño de 2019 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	86.3	O	14		
		Día 6				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Rodicio	Maceda	83.5	NE	19		
		Día 6				
Gandarela	Celanova	61.6	NO	47		
		Día 6				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xuño de 2019 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	96.4	S	16		
		Día 6				
Ons	Bueu	107.5	NO	8		
		Día 6				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xuño de 2019 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xuño de 2019.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 225 raios neste mes de xuño. Estes raios foron detectados principalmente na xornada do 20, seguido moi de lonxe pola xornada do día 27 (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en xuño de 2019.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, a maioría dos raios detectados déronse na provincia de Ourense (Figura 16).

nº de raios detectados en xuño de 2019 por provincias




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en xuño de 2019.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en abril en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Nesta gráfica pódese observar que este ano rexistrouse unha cantidade de raios moi inferior a dos últimos 5 anos.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xuño dende 2010 a 2019.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 6

Provincia Estación	Tª°C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	13.3	16.82	27.0	1	10.8	6.9	6	120	34.0	6	20	83	95	63	41	189	1888	17	126	6	968	16	0				
Aldea Nova	14.7	18.52	26.5	1	11.3	7.8	14	70	15.4	6	-31	83	98	65	29	135	1755	6	84	6	984	16	0				
Arzúa	14.3	19.67	29.3	1	9.1	2.2	8	54	23.2	6	-50	84	100	60	40	182	1847	6	50	6	973	11	0				
Camariñas	15.6	17.75	22.2	1	12.7	7.8	14	79	27.1	6	-32	84	97	69	54	246	2191	14	102	6	1015	13	0				
Cariño	15.9	18.53	26.3	1	13.2	9.1	14	76	17.0	6	-30	83	95	69	43	196	1936	12	92	6	1014	16	0				
Cespón	16.6	21.69	30.2	1	11.7	6.8	13	99	38.7	6	-27	80	99	56	52	237	2131	6	74	6	1011	12	0				
CIS Ferrol	16.4	20.58	28.5	1	12.2	7.7	14	73	22.3	6	-46	77	94	58	47	214	2015	8	65	6	1013	14	0				
Corrubedo	16.1	20.64	24.6	1	12.4	9.3	13	93	33.9	6	-37	78	93	59	54	245	2275	9	86	6	1013	12	0				
Coruña-Dique	15.9	17.89	22.6	22	13.6	9.4	14	38	15.2	6	-	78	90	65	-	-	-	15	77	6	1014	13	0				
Coruña-Torre de Hércul	16.7	19.58	24.0	22	13.9	10.4	6	53	21.3	6	-	75	87	62	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	12	0	
*Costa	15.5	20.56	30.5	1	10.7	5.7	8	128	69.1	6	-	85	100	62	-	-	-	3	46	6	996	12	0				
*Coto Muiño	13.8	19.03	29.6	1	8.8	2.6	8	131	48.2	6	-	85	100	61	-	-	-	4	78	6	-	16	0				
Fontecada	13.9	18.41	29.7	1	9.8	3.7	14	155	79.9	6	51	78	92	57	40	183	1779	9	90	6	974	11	0				
*Guísamo	15.8	20.06	28.4	1	11.9	7.4	14	75	24.0	6	-	74	89	55	-	-	-	3	33	6	996	14	0				
*Lesende	15.2	19.46	28.3	1	10.9	6.4	13	129	68.2	6	16	75	90	56	41	186	1920	3	52	6	996	12	0				
Lira	15.3	18.52	27.0	1	12.2	8.8	7	107	36.1	6	-11	82	95	67	55	251	2227	15	111	6	-	14	0				
Mabegondo	15.4	20.39	29.7	1	9.9	3.6	14	77	22.5	6	-25	85	100	64	41	187	1873	6	64	6	1005	14	0				
Malpica	15.1	18.6	25.7	1	12.1	8.4	13	76	31.0	6	-32	87	99	70	54	248	2189	15	99	6	997	15	0				
Marco da Curra	12.6	16.42	26.6	1	9.4	4.4	7	85	23.6	6	-2	85	96	67	34	155	1655	13	86	6	941	15	0				
Melide	14.2	20.59	30.2	1	8.1	1.2	8	46	14.9	6	-61	80	97	55	39	177	1847	5	62	6	961	12	0				
Muralla	12.6	16.41	26.4	1	9.6	5.5	6	157	57.8	6	79	88	98	67	37	171	1567	18	114	6	940	13	0				
*O Val	15.9	20.13	29.5	1	11.2	5.4	14	52	16.0	6	-	80	94	63	-	-	-	4	48	6	1008	15	0				
Olas	13.9	18.81	30.0	1	9.7	4.3	14	90	22.5	6	-8	86	99	62	39	180	1823	8	74	6	-	12	0				
*Ordes	14.5	20.12	31.3	1	9.0	2.0	8	74	27.4	6	-	79	94	56	-	-	-	3	36	6	984	13	0				
*Paramos	14.1	18.68	29.5	1	9.9	4.6	8	123	51.4	6	-	89	99	69	-	-	-	8	54	6	974	14	0				
*Pazo de Galegos	15.8	21.51	31.3	1	10.6	5.0	14	45	24.7	6	-65	83	100	59	36	166	1841	2	40	11	990	11	0				
Punta Candieira	14.9	17.77	25.1	1	12.6	8.4	6	57	15.6	6	-49	84	96	70	49	227	2060	19	122	6	986	15	0				
Punta Langosteira	15.9	17.56	22.0	22	13.8	10.1	14	36	21.7	6	-	83	94	72	49	225	2038	14	101	6	1014	9	0				
Río do Sol	12.8	17	28.4	1	9.8	5.9	7	110	45.2	6	19	87	98	65	38	172	1782	15	90	6	954	17	0				
*Rus	15.4	20.21	30.7	1	10.4	5.3	10	77	32.7	6	-	85	99	63	-	-	-	3	36	6	1000	13	0				
Sálvora	16.0	17.93	21.5	1	13.9	10.9	8	80	31.0	6	-49	82	91	70	62	281	2459	15	99	6	-	11	0				
Santiago-EOAS	15.2	19.95	30.2	1	11.0	5.8	8	92	38.2	6	-13	78	95	56	37	171	1790	11	83	6	986	13	0				
Santiago-San Lázaro	15.0	19.44	29.4	1	10.9	5.3	14	86	31.3	6	-27	77	93	55	42	194	1895	8	63	3	980	13	0				
Sergude	15.4	20.85	31.2	1	10.4	5.7	14	63	28.7	6	-	79	97	54	33	153	1641	-	-	-	-	12	0				
Serra da Faladoira	12.8	16.29	26.7	1	10.0	5.6	6	106	25.2	6	22	88	99	70	32	149	1625	13	86	6	950	18	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 6

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	hPa		Choiva	Xeada
Lugo																												
A Pontenova	14.5	19.5	31.3	1	11.3	5.8	8	40	6.7	6	-	83	96	63	29	131	1514	12	94	6	-	-	-	-	14	0		
Abradelo	13.8	19.29	29.3	1	9.2	2.9	8	73	18.2	6	-	77	95	52	41	187	1950	-	-	-	-	-	-	-	11	0		
*Alto do Faro	12.4	17.05	27.2	1	8.2	2.9	8	56	25.8	6	-	80	95	57	-	-	-	5	47	6	920	-	-	-	12	0		
*Alto do Poio	10.9	15.4	25.3	28	7.2	1.1	7	97	29.9	6	-	81	95	56	-	-	-	6	47	6	-	-	-	-	12	0		
Ancares	10.9	15.56	25.8	27	7.4	1.4	7	76	16.8	5	--	--	--	--	--	--	1897	15	87	18	865	-	-	-	14	0		
*Borreiros	15.5	20.14	28.6	1	11.0	4.8	14	52	12.9	6	-35	84	99	65	30	137	1510	4	48	6	1008	-	-	-	17	0		
Bóveda	15.9	23.29	32.7	1	9.7	2.4	8	29	13.8	23	-94	72	94	45	41	188	1938	5	52	18	966	-	-	-	8	0		
Burela	13.9	16.87	26.5	1	12.4	8.3	6	75	13.1	9	--	--	--	--	--	--	--	--	--	-	-	-	-	-	19	0		
Campus Lugo	15.4	21.76	31.9	1	10.2	3.8	14	47	14.0	6	-64	78	100	51	36	166	1854	5	56	6	969	-	-	-	11	0		
Castro R. de Lea	14.9	20.84	31.3	1	9.9	3.4	8	59	15.5	7	-	82	98	57	40	183	1889	-	-	-	967	-	-	-	13	0		
Conchada	15.1	21.74	31.8	1	10.1	4.1	12	54	19.5	23	-	78	97	53	44	200	2067	-	-	-	-	-	-	-	9	0		
Corno do Boi	12.8	17.54	28.2	1	9.2	4.9	6	65	26.8	6	-28	82	96	60	35	160	1680	11	75	6	-	-	-	-	12	0		
Courel	14.1	20.41	30.4	1	9.0	2.5	8	81	19.8	6	-41	76	96	49	44	202	2039	7	83	6	927	-	-	-	10	0		
Fontaneira	11.9	16.59	26.8	1	8.5	2.9	6	70	18.1	6	-20	84	97	62	36	166	1755	15	83	6	904	-	-	-	12	0		
Foz	15.2	18.81	25.8	1	11.8	6.0	8	78	13.6	9	-18	82	95	65	36	164	1718	8	74	6	1008	-	-	-	19	0		
Fragavella	11.9	15.93	27.6	1	8.2	1.5	14	100	20.8	6	16	86	98	66	33	153	1598	10	90	6	947	-	-	-	19	0		
Guitiriz-Mirador	12.8	17.42	27.9	1	9.4	5.1	10	86	20.2	6	-5	83	96	61	30	138	1609	8	68	6	937	-	-	-	14	0		
*Labrada	12.7	16.92	28.3	1	9.5	3.9	10	93	27.2	6	3	84	96	64	32	149	1636	8	63	6	-	-	-	-	18	0		
*Lanzós	13.4	19.1	29.8	1	7.1	-0.7	14	67	22.6	6	-	83	97	60	-	-	-	2	41	6	961	-	-	-	12	1		
*Lourenzá	16.2	21.56	32.0	1	11.7	5.2	14	58	12.2	6	-	81	97	59	-	-	-	2	40	6	-	-	-	-	15	0		
Marroxo	14.9	20.69	30.8	1	10.6	5.5	7	41	19.2	23	-77	75	94	50	41	187	1920	8	75	6	943	-	-	-	9	0		
*Millara	16.9	24.94	35.7	1	10.8	5.4	8	37	13.0	23	-	73	97	45	-	-	-	5	59	6	-	-	-	-	8	0		
Monforte	16.8	23.49	33.5	1	10.4	2.7	8	32	17.7	23	-97	70	94	42	44	198	2019	4	50	6	-	-	-	-	9	0		
*Morelle	15.7	23.07	33.0	1	9.4	3.1	8	39	13.4	6	-68	80	99	52	34	154	1774	3	37	5	968	-	-	-	8	0		
O Cebreiro	11.0	16.28	27.0	28	7.0	-0.3	8	83	23.8	23	--	--	--	--	--	--	--	--	--	-	-	-	--	--	15	1		
O Xipro	13.7	19.83	30.0	1	9.1	3.7	8	61	14.8	6	-44	83	99	57	37	171	1840	9	65	6	926	-	-	-	12	0		
*Olveda	13.7	19.73	29.2	1	8.6	3.1	8	46	20.0	6	-64	78	96	52	39	178	1880	4	34	7	-	-	-	-	14	0		
Pedro Murias	15.9	18.78	25.8	1	13.1	9.1	14	64	16.2	9	-24	88	98	73	33	152	1613	8	69	6	1011	-	-	-	14	0		
Penedo do Galo	12.8	15.78	27.5	1	10.5	5.3	6	93	14.2	9	9	87	98	70	34	157	1659	19	132	6	-	-	-	-	18	0		
Pol	13.5	18.87	30.0	1	9.7	3.9	8	60	16.1	6	-	83	99	58	35	160	1761	-	-	-	941	-	-	-	12	0		
Portomarín	15.3	22.18	32.6	1	9.6	3.0	8	44	12.8	6	-	79	99	51	36	163	1761	-	-	-	965	-	-	-	12	0		
Riotorto	15.2	20.45	32.2	1	11.1	3.9	8	42	12.2	7	-50	87	100	62	28	127	1584	5	62	6	-	-	-	-	13	0		
Sambreixo	13.6	19.22	30.1	1	7.9	0.7	8	83	24.9	6	-	84	99	59	36	165	1786	-	-	-	-	-	-	-	13	0		
*San Clodio	17.4	24.59	34.4	1	10.5	4.4	14	45	16.0	23	-	73	99	44	-	-	-	3	38	6	986	-	-	-	9	0		
*San Fiz	15.8	21.57	32.1	1	10.6	4.6	8	38	16.4	23	-82	74	94	50	38	173	1960	4	44	6	970	-	-	-	11	0		
Santa Cruz	15.7	20.94	30.8	1	10.6	3.1	8	97	19.4	9	1	84	100	59	33	153	1648	3	57	6	-	-	-	-	18	0		
Serra Vacaloura	13.1	18.3	28.5	1	9.3	4.4	6	43	16.1	6	-62	82	98	57	42	190	1933	15	77	6	-	-	-	-	11	0		
Ventosa	13.1	18.58	28.4	1	8.5	2.2	8	68	18.5	23	-40	79	95	55	37	167	1851	9	76	6	912	-	-	-	15	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 6

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Max	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
*Vilamor	15.7	20.5	29.8	1	11.5	4.4	8	69	16.2	6	-30	76	91	56	31	144	1610	5	59	6	5	59	6	-	17	0
*Xabrega	16.3	23.05	32.8	1	10.4	4.0	8	43	16.6	23	-79	72	93	46	37	170	1925	4	58	6	4	58	6	979	8	0

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 6

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	14.3	18.96	29.0	1	9.3	4.8	13	66	28.6	6	-47	81	96	61	49	221	2055	5	55	6	-	-	-	-	12	0	
A Granxa	16.4	23	32.4	1	9.8	4.9	8	52	31.2	6	-71	76	98	50	48	217	2068	4	47	18	1012	-	-	-	10	0	
A Lanzada	16.2	20.28	26.4	1	11.8	7.3	8	57	27.2	6	-71	81	96	63	60	272	2364	13	97	6	-	-	-	-	10	0	
*Areas	16.3	23.98	33.9	1	10.8	7.2	13	55	23.2	6	-	78	96	51	-	-	-	1	25	18	-	-	-	-	9	0	
*Areiro	16.2	20.51	28.6	1	11.7	7.7	8	82	43.0	6	-	78	93	61	-	-	-	3	52	6	1008	-	-	-	10	0	
*As Eiras	16.1	21.43	29.2	1	10.5	6.0	10	50	17.6	6	-81	79	98	54	56	251	2287	4	58	6	1011	-	-	-	11	0	
Atios	16.2	22.26	31.5	1	9.8	5.1	8	72	37.6	6	-55	78	99	52	54	243	2208	4	55	6	-	-	-	-	11	0	
Cabo Udra	16.4	20.09	24.8	1	13.1	9.8	13	45	18.0	6	-87	81	94	66	58	265	2425	13	124	6	-	-	-	-	10	0	
Caldas de Reis	15.3	20.7	30.7	1	10.9	6.2	8	79	34.6	6	-36	80	96	58	42	191	1950	6	70	6	986	-	-	-	12	0	
*Camanzo	15.7	21.15	31.3	1	10.4	4.0	8	48	23.5	6	-66	77	95	56	39	179	1885	4	55	6	992	-	-	-	10	0	
Cangas-Porto	16.4	18.94	27.3	1	13.5	9.6	8	35	16.2	6	-	75	89	60	-	-	-	9	78	6	-	-	-	-	9	0	
Castro Vicaludo	13.7	16.75	26.7	1	11.0	7.3	7	64	18.9	6	-53	84	97	66	56	253	2276	12	124	6	961	-	-	-	12	0	
Castrove	14.0	18.87	28.6	1	10.3	6.2	12	81	29.0	6	-27	83	97	62	43	195	1942	7	62	6	966	-	-	-	12	0	
*Cequelifios	16.7	22.76	32.5	1	11.2	6.0	8	44	17.2	23	-89	72	96	46	50	229	2126	6	56	6	-	-	-	-	10	0	
Corón	16.3	18.99	25.9	1	13.2	8.3	13	63	23.8	6	-61	81	98	62	56	254	2287	13	85	6	1015	-	-	-	11	0	
*Entenza	16.5	23.01	33.9	1	10.6	6.1	8	45	18.4	6	-78	77	99	51	46	208	2054	1	48	6	-	-	-	-	10	0	
Forcarei	13.0	17.54	27.3	1	9.1	4.9	12	78	34.5	6	-22	85	98	63	43	195	1931	12	89	6	-	-	-	-	14	0	
Fornelos de Montes	13.2	17.03	27.6	1	9.9	5.1	7	103	45.6	6	0	81	95	62	43	198	1889	12	96	6	935	-	-	-	13	0	
Gargamala	16.0	21.58	31.5	1	11.1	6.2	8	61	33.7	6	--	76	96	53	--	--	--	5	60	6	-	-	-	-	9	0	
Illas Cíes	16.3	19.47	25.2	1	13.3	10.2	12	48	15.9	6	-81	82	94	67	58	265	2364	10	103	6	-	-	-	-	10	0	
Lalín	14.1	19.17	29.1	1	9.5	4.4	8	46	24.0	6	-	78	96	53	-	-	-	8	63	6	-	-	-	-	12	0	
*Louredo	15.3	20.96	30.2	1	11.1	7.5	13	47	21.4	6	-	84	99	62	-	-	-	2	43	12	988	-	-	-	11	0	
Lourizán	16.1	20.84	28.9	1	11.4	6.6	8	72	35.4	6	-47	82	98	62	47	213	2075	3	41	6	1010	-	-	-	13	0	
*Meder	17.0	23.38	33.4	1	11.4	6.7	8	44	12.7	6	-	67	87	45	-	-	-	1	36	6	999	-	-	-	13	0	
Monte Aloia	14.2	19.35	30.6	1	10.5	6.4	7	82	35.6	6	--	83	98	63	--	--	1844	8	72	6	961	-	-	-	11	0	
Mouriscade	13.9	20.06	30.6	1	7.4	-0.3	8	44	21.2	6	-67	77	89	60	41	187	1921	5	57	6	958	-	-	-	12	1	
O Viso	15.9	23.11	32.2	1	10.7	6.8	13	62	24.3	6	-60	78	96	55	45	204	2004	7	87	6	985	-	-	-	12	0	
Ons	15.4	18.51	25.6	1	12.6	9.5	8	53	24.0	6	-60	85	96	71	62	261	2477	15	107	6	1002	-	-	-	10	0	
*Pé Redondo	16.5	21.17	29.6	1	12.0	7.9	8	75	40.6	6	-38	80	95	61	45	203	1910	1	54	6	-	-	-	-	11	0	
Pereira	12.7	17.63	27.9	1	8.5	3.5	8	76	30.8	6	-	87	99	65	44	202	1982	-	-	-	934	-	-	-	14	0	
*Ponte Caldelas	14.5	19.23	29.1	1	9.3	4.0	8	54	21.3	6	-58	76	92	56	45	204	1959	8	53	18	975	-	-	-	13	0	
Pontevedra-Campolongo	17.3	22.56	29.9	1	12.3	7.4	8	70	35.6	6	-	74	95	52	-	-	-	3	47	6	-	-	-	-	11	0	
Queimadelos	15.7	22.42	34.1	1	11.2	7.1	8	65	32.2	6	--	76	92	55	31	139	1663	--	--	-	974	-	-	-	11	0	
Rebordelo	13.9	19.7	29.6	1	7.4	1.9	8	92	43.5	6	-	84	100	60	42	192	1918	-	-	-	975	-	-	-	12	0	
San Nomedio	13.9	18.14	28.2	1	10.7	5.7	7	52	17.0	6	-57	80	96	60	46	211	1972	14	93	6	-	-	-	-	12	0	
Sanxenxo	16.7	20.58	28.0	1	12.9	9.1	13	47	18.6	6	-84	76	92	57	52	238	2208	4	97	6	1013	-	-	-	11	0	
Serra do Faro	11.9	16.47	26.7	1	8.0	2.7	8	68	32.7	6	-33	81	95	60	42	189	1914	15	71	6	904	-	-	-	12	0	
*Simes	16.4	22.18	31.9	1	10.9	6.7	13	56	25.7	6	-	78	96	56	51	230	2165	-	-	-	-	-	-	-	11	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 6

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
*Soutomaior	15.9	20.57	30.0	1	11.4	7.1	8	53	23.0	6	-	72	88	52	-	-	-	3	36	6	996	12	0			
*Torrequeintáns	16.4	20.97	30.1	1	11.5	6.6	8	61	29.2	6	-37	71	88	53	39	176	1530	5	63	6	1008	12	0			
*Tremoedo	16.0	20.27	27.8	1	11.3	6.8	12	60	27.4	6	-	79	96	58	-	-	-	3	42	6	1009	12	0			
Vigo	16.6	20.49	29.1	1	12.8	8.6	13	28	11.2	6	-	74	92	56	-	-	-	-	-	-	-	9	0			
Vigo-Campus	14.2	17.47	27.0	1	11.6	7.3	7	58	21.7	6	-63	80	96	61	53	238	2168	6	91	6	964	12	0			
Xesteiras	12.3	15.8	26.0	1	9.2	4.7	7	87	22.8	6	-	85	98	65	-	-	-	19	126	6	-	14	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.